

¿CÓMO FUNCIONA?

O reto: amasar unha mostra de formigón co obxectivo de que alcance a máxima resistencia.

¿Cando? cada centro realizará o amasado do formigón a semana do 12 a 18 de marzo, fotografiarse coa probeta de formigón e o póster do concurso e rexistrar a súa participación.

O Colexio de Arquitectura Técnica pasará a retirar a probeta coa mestura do formigón na semana do 7 ao 17 de abril.

¿Cómo? o centro rexistrará as clases que participarán en elgranconcursodelhormigon.com antes do 27 de marzo.

¿Con que? realizarase a mestura do formigón a partir dos componentes suministrados polo Colexio. Podedes visualizar un vídeo con consellos útiles para a mestura mediante o código QR.



¿QUEN GAÑA?

¿Cómo se decide? O laboratorio especializado en ensayos de formigón Enmacosa someterá a as probetas de formigón a un ensaio de compresión na semana do 20 de abril.

Para isto, empregarase unha prensa de ensaio de formigón que realiza a súa rotura a compresión detallando os N/mm² aos que rompe a mestura de formigón.

¿Cando se sabrá? No mes de maio publicaranse os centros educativos e as clases que obteñan os mellores resultados xunto coa resistencia obtida pola súa mostra de formigón. Tódolos participantes serán notificados da súa posición no concurso e da resistencia obtida.



¿QUÉ GAÑAMOS?



Alguna vez pensaches que aprender a facer formigón podería ser útil na túa vida? Pois agora, ademais de aprender, ¡podes levar un premio!

Cada clase competirá para crear o formigón máis resistente: Todos os grupos participantes aprenderán a elaborar formigón, un coñecemento práctico que moi probablemente lles resultará útil nalgún momento da súa vida. A clase que obteña o formigón de maior resistencia será premiada cunha **xornada en Pontevedra, que incluírá transporte, unha visita guiada á exposición "A Profesión da Arquitectura Técnica", situada na sede do Colexio Oficial da Arquitectura Técnica de Pontevedra**, onde se ofrece un percorrido histórico e divulgativo sobre esta profesión.

Ademais, completárase a actividade cunha visita guiada polo casco histórico de Pontevedra e, ao remate da xornada, ofrecerase ás persoas participantes un aperitivo de cortesía nas instalacións do COATPO. A actividade desenvolverase durante o mes de xuño, nunha data que se acordará co centro educativo para escoller o día máis axeitado e organizar a loxística necesaria. O equipo gañador recibirá, para cada un dos seus integrantes, unha camiseta, unha lanterna, un flexómetro e unha bolsa corporativa. Os segundos clasificados obterán unha camiseta, unha lanterna e un flexómetro, mentres que os terceiros clasificados recibirán unha camiseta e unha lanterna. O centro gañador en Pontevedra participará nunha edición nacional competindo cos centros gañadores doutras provincias. ¡Pon a proba o teu enxeño e habilidades! Constrúe, experimenta e compite para gañar unha experiencia única. ¿Estás listo?

¿E SE ESTUDO PARA SER APARELLADOR/A?

(arquitectura técnica)

Pontevedra precisa de arquitectos/as técnicos/as. É unha profesión con pleno emprego e de futuro, segundo publican diversos analistas do mercado laboral.

É unha carreira versátil, con moitas saídas, que forma expertos/as en edificación. Goza dunha grande relevancia social e é esencial para construír, rehabilitar e manter os nosos edificios.

Se cres que che pode interesar ou queres saber máis, podes chamarnos e contámosche máis detalles.



**Colexio Oficial da Arquitectura
Técnica de Pontevedra**

986 851 370 · 986 434 066
gabinetec@coatpo.es



O GRAN CONCURSO DO FORMIGÓN



Un reto para todas as clases de 1º de Bacharelato da rama científico-técnica e centros de FP relacionados coa edificación e a obra civil de Pontevedra: confeccionar o formigón máis resistente.

